

COMUNIDADE AUTÓNOMA DE:

Data de corte:

TRAMOS	Prioridade 1	Prioridade 2	Prioridade 3
30-60		NON	NON
60-90		NON	NON
91-180			NON
181-365			
>365			

11267 *ORDE SCO/1448/2003, do 23 de maio, pola que se modifican os anexos II e III do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos.* («BOE» 134, do 5-6-2003.)

O Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos, recompilou nun só texto toda a normativa existente sobre esta materia, adaptándose á lexislación comunitaria. As ordes do 4 de xuño de 1998, do 26 de abril de 1999, do 3 de agosto de 2000 e do 5 de febreiro de 2002, modificaron por primeira, segunda, terceira e cuarta vez, respectivamente, os anexos deste real decreto.

Actualmente producíronse dúas novas adaptacións ó progreso técnico dos anexos da Directiva marco de cosméticos 76/768/CEE, mediante as directivas 2003/1/CE e 2003/16/CE da Comisión.

Por esta disposición traspóñense estas directivas ó noso dereito positivo, de acordo co establecido na disposición derradeira primeira do Real decreto 1599/1997, modificándose por quinta vez os anexos do citado real decreto.

Na súa virtude, dispoño:

Primeiro.—Os anexos II e III do Real decreto 1599/1997 do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos, quedan modificados como segue:

1. No anexo II.

a) No n.º de orde 417 as frases:

«A) O cranio, incluídos os miolos e os ollos, as amígdalas e a medula espinal:

Dos animais da especie bovina de máis de doce meses de idade.

Dos animais das especies ovina e caprina de máis de doce meses de idade que mostren nas enxivas un incisivo definitivo e ingredientes derivados.»

«B) O bazo dos animais das especies ovina e caprina e ingredientes derivados.»

Substituírase polo texto seguinte:

«A partir da data á que se refire o punto 1 do artigo 22 do Regulamento (CE) n.º 999/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, os materiais especificados de risco tal como figuran no anexo V do dito regulamento, e os ingredientes derivados destes.»

Ata a dita data, os materiais especificados de risco, tal como figuran no capítulo A do anexo XI do Regulamento (CE) n.º 999/2001, e os ingredientes derivados destes.

b) «No número de orde 449, o número CAS 95-15-2 substitúese polo número «CAS 93-15-2».

2. Na segunda parte do anexo III.

Nos números de referencia 61 e 62, Musk xylene e Musk ketone, na columna g) a data 28.02.2005 substitúese por «30.09.2004».

Segundo.—A partir da entrada en vigor desta orde, non poderán ser comercializados, vendidos ou cedidos ó consumidor final os produtos cosméticos que non cumpran co establecido no punto primeiro, número 1, letra a) desta orde ministerial.

Terceiro.—Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 23 de maio de 2003.

PASTOR JULIÁN

MINISTERIO DE ECONOMÍA

11269 *ORDE ECO/1449/2003, do 21 de maio, sobre xestión de materiais residuais sólidos con contido radioactivo xerados nas instalacións radioactivas de 2.ª e 3.ª categoría nas que se manipulen ou almacenen isótopos radioactivos non encapsulados.* («BOE» 134, do 5-6-2003.)

O artigo 2.9 da Lei 25/1964, do 29 de abril, sobre enerxía nuclear, modificado pola disposición adicional cuarta da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, inclúe a definición do concepto de «residuo radioactivo» en concordancia coas recomendacións de organismos internacionais como o Organismo Internacional de Enerxía Atómica (OIEA).

De acordo coa vixente definición legal, o concepto de residuo radioactivo debe quedar fixado pola superación de determinadas concentracións ou niveis de actividade que lle corresponde establecer ó Ministerio de Economía, logo de informe do Consello de Seguridade Nuclear.

A Directiva 96/29/EURATOM do Consello, pola que se establecen as normas básicas relativas á protección sanitaria dos traballadores e da poboación contra os riscos que resultan das radiacións ionizantes, introduciu o concepto de desclasificación de materiais residuais e sinalou os criterios radiolóxicos que deberán gobernarlo proceso de autorización para que estes materiais poidan xestionarse polas vías convencionais de eliminación, reciclaxe ou reutilización.

O artigo 76 e o anexo I, ámbolos dous do Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas, aprobado polo Real decreto 1836/1999, do 3 de decembro, traspóñen os obxectivos e criterios radiolóxicos da Directiva 96/29 ligando os procesos de eliminación, reciclaxe ou reutilización dos materiais residuais á definición legal de residuo radioactivo.

O artigo 51 do Regulamento sobre protección sanitaria contra as radiacións ionizantes, aprobado polo Real decreto 783/2001, do 6 de xullo, prescribese que toda evacuación de residuos sólidos radioactivos ó ambiente requirirá autorización expresa do Ministerio de Economía, logo de informe do Consello de Seguridade Nuclear.

No ámbito concreto das instalacións radioactivas de 2.ª e 3.ª categoría nas que se manipulan ou almacenan

isótopos radioactivos non encapsulados, o OIEA desenvolveu nos últimos anos recomendacións técnicas encamiñadas a precisa-las concentracións ou niveis de actividade presentes nos materiais residuais, de modo que sexa posible establecer un alcance cuantitativo da definición de residuo radioactivo, considerando as cantidades e características dos materiais residuais xerados nestas instalacións e as vías específicas de xestión posterior destes.

Neste marco, o Consello de Seguridade Nuclear aprobou a Guía de Seguridade 9.2 sobre a xestión dos materiais residuais sólidos con contido radioactivo xerados nas instalacións radioactivas, que incorpora as recomendacións do OIEA mencionadas e os principios básicos que deben orienta-la xestión dos materiais residuais nestas instalacións.

O desenvolvemento do concepto de residuo radioactivo no ámbito destas instalacións permitirá, nun marco de rigor metodolóxico, simplificar e optimiza-las actividades de xestión destes materiais en España e o seu control por parte do Consello de Seguridade Nuclear.

Por iso, logo de informe do Consello de Seguridade Nuclear, e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

1. Esta orde aplicárase ás instalacións radioactivas de 2.^a e 3.^a categoría nas que se manipulen ou almacenen isótopos radioactivos non encapsulados.

2. Os procedementos de xestión de residuos que se dispoñen nesta orde serán de aplicación a tódolos residuos existentes en España con independencia da data da súa xeración.

Artigo 2. *Clasificación e xestión dos materiais residuais sólidos con contido radioactivo.*

1. No ámbito de aplicación desta orde e para efectos do disposto no artigo 2.9 da Lei sobre enerxía nuclear, defínese como residuo radioactivo sólido calquera material ou produto de refugallo, para o cal non está previsto ningún uso, que contén ou está contaminado con radionucleidos en concentracións ou niveis de actividade superiores ós valores expresados no anexo desta orde.

2. Os materiais residuais sólidos xerados nas instalacións radioactivas ás que se refire o artigo 1 anterior, para os que non estea previsto un uso posterior e que presenten contaminación de radionucleidos en concentracións ou niveis de actividade inferiores ou iguais ós establecidos no anexo desta orde, non terán a consideración de residuos radioactivos e a súa xestión poderá ser realizada de acordo coa normativa que lles sexa de aplicación.

Artigo 3. *Principios básicos para a clasificación e xestión.*

Os titulares das instalacións radioactivas ás que se refire o artigo 1 anterior, que xeren materiais residuais sólidos con contido radioactivo, deberán dispoñer dos correspondentes documentos técnicos que reflectan os métodos e procedementos implantados para levar a cabo a clasificación e xestión dos materiais residuais, de acordo cos seguintes principios básicos:

- A minimización da produción de residuos.
- A segregación dos residuos de diferentes características, en función da súa vía de xestión final.
- A xestión dos residuos pola vía máis adecuada, de acordo cos seus contidos de actividade.
- A trazabilidade do proceso de xestión dos residuos.

Artigo 4. *Informe anual.*

Os titulares das instalacións radioactivas incluídas no ámbito de aplicación desta orde deberán reflectir no informe anual que están obrigados a presentar na Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas e no Consello de Seguridade Nuclear, segundo o disposto no artigo 73.2.a) do Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas, a información correspondente ás actuacións realizadas respecto dos materiais residuais sólidos con contido radioactivo por elas xerados, con indicación das cantidades e características destes, e o seu proceso de xestión posterior.

Artigo 5. *Sistema de control de calidade.*

A xestión dos materiais residuais sólidos con contido radioactivo levarase a cabo no marco dun sistema de control de calidade que garanta a detección de posibles desviacións e asegure a implantación das medidas correctoras adecuadas.

Artigo 6. *Trazabilidade do proceso de xestión.*

A trazabilidade do proceso de xestión dos materiais residuais sólidos con contido radioactivo, ata a súa entrega ós xestores finais, estará garantida polo titular da instalación radioactiva mediante o correspondente sistema de rexistro e arquivo que deberá encontrarse en todo momento actualizado e á disposición do Consello de Seguridade Nuclear.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Á entrada en vigor desta orde quedarán derrogadas tódalas disposicións de igual ou inferior rango en canto se opoñan ó disposto nesta.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 21 de maio de 2003.

DE RATÓ Y FIGAREDO

Excmo. Sr. Secretario de Estado da Enerxía, Desenvolvemento Industrial e da Pequena e Mediana Empresa.

ANEXO

1. Táboa de valores de actividade por unidade de masa (N_i):

Radionucleido	Actividade por unidade de masa — (kBq/kg)
H-3	10 ⁶
C-14	10 ⁴
Na-22	10
Na-24	10
P-32	10 ³
S-35	10 ⁵
Cl-36	10 ⁴
K-42	10 ²
Ca-45	10 ⁴
Ca-47	10
Cr-51	10 ³
Co-57	10 ²

Radionucleido	Actividade por unidade de masa — (kBq/kg)
Co-58	10
Fe-59	10
Ga-67	10 ²
Se-75	10 ²
Sr-85	10 ²
Sr-89	10 ³
Y-90	10 ³
Mo-99	10 ²
Tc-99	10 ⁴
Tc-99m	10 ²
In-111	10 ²
I-123	10 ²
I-125	10 ³
I-131	10 ²
Pm-147	10 ⁴
Er-169	10 ⁴
Au-198	10 ²
Hg-197	10 ²
Hg-203	10 ²
Tl-201	10 ²
Ra-226	10
Th-232	1

2. Para aqueles radionucleidos que non figuran na táboa anterior, os valores de actividade por unidade de masa (kBq/kg) que deberán considerarse son os establecidos no anexo I, táboa A, columna 3.^a, do Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas, aprobado polo Real decreto 1836/1999, do 3 de decembro.

3. No caso de que o material residual estea contaminado cunha mestura de radionucleidos, para que poida ser xestionado como residuo convencional deberá cumprirse a seguinte condición:

$$\sum_{i=1}^n \frac{C_i}{N_i} \leq 1$$

sendo,

«C_i» a actividade por unidade de masa en kBq/kg de cada radionucleido «i» presente no material residual.

«N_i» o valor establecido na táboa para o radionucleido «i».

«n» o número de radionucleidos existentes no material residual.

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE

11384 REAL DECRETO 606/2003, do 23 de maio, polo que se modifica o Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico, que desenvolve os títulos preliminar, I, IV, V, VI e VIII da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas. («BOE» 135, do 6-6-2003.)

A Lei 46/1999, do 13 de decembro, de modificación da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas, na súa dis-

posición derradeira primeira autoriza o Goberno e o ministro de Medio Ambiente, no ámbito das súas respectivas competencias, para dictaren as normas regulamentarias que requiran o seu desenvolvemento e aplicación.

Pola súa banda, a disposición derradeira segunda habilita o Goberno para dictar un real decreto lexislativo no que se refunda e adapte a normativa legal existente en materia de augas.

O mandato anterior obedece a aprobación do texto refundido da Lei de augas, aprobado por Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo.

Unha vez aprobado o texto que refunde a lexislación vixente en materia de augas, procede aproba-lo desenvolvemento regulamentario previsto no texto legal.

Sen embargo, este desenvolvemento non ten un carácter uniforme debido a que algúns dos aspectos obxecto de reforma na Lei 46/1999 se verán afectados pola necesaria transposición da Directiva 2000/60/CE, na que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito das políticas de augas. A complexidade técnica dalgunhas cuestións e a necesidade de abordar unha reforma en profundidade da norma regulamentaria, en aspectos tales como a simplificación dos distintos procedementos administrativos, sen dúbida un dos principais retos das modernas administracións ó que non pode ser allea a Administración hidráulica, e a necesidade de recolle-los novos conceptos, metodoloxías e criterios derivados de desenvolvementos tecnolóxicos, aconsellan aprobar, de momento, unha norma limitada ós aspectos máis necesitados de desenvolvemento regulamentario, ó tempo que se establecen algunhas precisións ou se corrixen aspectos concretos de gran transcendencia na xestión do recurso, aprazando a un futuro próximo a revisión completa das normas de desenvolvemento en materia de augas. Con iso pecharase o proceso de modernización e adaptación da lexislación española reguladora das augas continentais.

Atendendo ós criterios expostos, son obxecto de regulación neste real decreto as seguintes materias:

a) No título II, «Da utilización do dominio público hidráulico», capítulo III, as seccións 1.^a, 6.^a, 8.^a, 11.^a e 12.^a, relativas á modificación das características das concesións, concesión de augas en xeral, especialidades na tramitación de certas concesións, acuíferos sobreexplotados e rexistro de augas, respectivamente. No capítulo IV engádese un novo parágrafo ó punto 8 e un punto 9 no artigo 201.

b) No título III, «Da protección do dominio público hidráulico e da calidade das augas continentais», dentro do capítulo I, sección 1.^a, engádese un novo punto ó artigo 234, e dáselle unha nova redacción á sección 2.^a do capítulo I, dedicada ó apeo e deslindamento dos bens de dominio público hidráulico, e ó capítulo II, relativo ás verteduras.

c) No título IV, «Régime económico financeiro da utilización do dominio público hidráulico», redáctase por enteiro o capítulo II, dedicado ó canon de control de verteduras.

d) No título V, «Infraccións e sancións», modifícanse dous aspectos puntuais do réxime de infraccións e sancións: o relativo á valoración dos danos causados ó dominio público hidráulico e o que afecta a forma de pagamento das sancións.

e) Créase un título VI dedicado ó contrato de cesión de dereitos ó uso privativo das augas.

Este real decreto contén, ademais, diversas disposicións:

As adicionais fan referencia, respectivamente, ás referencias que o Real decreto 849/1986, do 11 de abril,